# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA 2024

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

## VENRES 06/09 A XOVES 12/09






Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 05/09. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

**Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.**


Concello de Lugo
Área de Mobilidade e Infraestruturas
Por Lugo:
VAI EN BUS
> Máis barato, máis ecolóxico e sen buscar aparcamento
#activandoLugo

LUGO

# NOTICIAS



- Maite Ferreiro

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou xunto co Mago Antón a edición 2024 do festival de maxia de Lugo, "unha cita totalmente consolidada no calendario cultural de Lugo e que axuda a estimular a imaxinación e a capacidade de concentración dos e das máis cativas".

Ferreiro destacou que "durante catro días chegarán a Lugo unha serie de magos de gran calidade e recoñecemento, tanto galegos como do resto do estado e do mundo".




Lugo acollerá 17 actividades gratuítas entre o 10 e o 15 de setembro do 2024

# Exposición Mexicráneos: Cultura da morte en México

# LUGO 2024



## PRAZA MAIOR-LUGO

## 14 DE AGOSTO - 30 DE SETEMBRO

Albia
servicios funerarios

MEXI
CRÁ
NEOS®

Concello de Lugo
Área de Participación e Servizos para a veciñanza

CEMITERIO MUNICIPAL
SAN FROILÁN

FUNERARIA
FERNANDEZ



VENERES
Nashira Santanatalia & Gustavo Giménez
MOSTRA ABERTA
reserva de entradas 604002295
AB
ATOPÉMONOS BAILANDO
6 setembro - 19h
Museo MIHL
*actividade de balde
RESIDENCIAS ARTÍSTICAS E INVESTIGACIÓN




LUCAS
DAMIANI
RESIDENCIA PARAÍSO
O VELLO CÁRCERE
LUGO
Hydra
RESIDENCIA
26 agosto – 6 setembro
MOSTRA ABERTA
6 setembro | 20.00h
RPM




5
6
7
MICROEFECTOS
DRAMATÚRXICOS
SETEMBRO
20:30
22:30




Son de Camagüey
VIE.
06
SEP
JAGGER
LIVE



FEIRA DO 48
Praza Maior, Lugo.
7/8
setembro
música
baile
artesanía
oficios
gastronomía
Cultura
apertura da feira ás 11.48h.
+ info: Cántigas e Frores




FEIRA DO 48
Praza Maior, Lugo.
sábado 07.09
11.48h. Apertura feira
12.48h. Pregòn a cargo de Emilio Españadero
13.48h. Concerto do Coro Galego de Cántigas e Frores
16.48h. Obradoiro de iniciación ao baile tradicional para os máis cativos. Imparte María Besteiro
18.48h. Concerto da Banda de Gaitas e Percusión de Cántigas e Frores
19.48h. Ruada
• Os Carunchos
• Murga de Cántigas e Frores
• Pandeireteiras Lina e Lola
Cultura




FEIRA DO 48
Praza Maior, Lugo.
domingo 08.09
11.48h. Apertura feira
11.48h. Pasarrúas
12.48h. Actuaciòn do grupo de Baile de Cántigas e Frores
19.48h. Ruada
• Grupo de Cantareiras de Cántigas e Frores
• Bailai Malditos
• Grupo de Cantareiros de Cántigas e Frores
Cultura



(AUSTRALIA)
JAMIE TURNER
09
SETEMBRO
22:00h
OUTONO NO CLUB
CLAVICÉMBALO
FA CE LA
Entradas en Woutick!
10€ anticipada 12€ billeteira


LUGO
MÁXICO
10 • 11 • 12 • 13 • 14 e 15 de setembro 2024
Concello de Lugo
DEPUTACIÓN DE LUGO
Cultura
VICEPRESIDENCIA
www.lugomaxicooficial.com

## 10 SETEMBRO

**CONFERENCIA DIVULGATIVA:** *PACO GONZÁLEZ* presenta "As estancias do asombro"
(20:00 h. no salón de actos do Vello Cárcere)
Historia de gabinetes de curiosidades ou cámaras de marabillas: espazos para o misterio, a ciencia, a historia e o pensamento máxico.

## 11 SETEMBRO

**EXPOSICIÓN, VISITAS GUIADAS e MAXIA:** *PACO GONZÁLEZ* presenta "O gabinete de curiosidades"
(Para escolares ás 11:00 e 12:30 h. Para adultos 17:30 e 19:00 h. no Vello Cárcere).
Un espazo para o misterio, a ciencia, a historia e o pensamento máxico.

**MAXIA NA RÚA:** *KAYTO* presenta "Alokayto"
(19:00 h. na Praza Maior).

## 12 SETEMBRO

**EXPOSICIÓN, VISITAS GUIADAS e MAXIA:** *PACO GONZÁLEZ* presenta "O gabinete de curiosidades"
(Para escolares ás 11:00 12:30 h. Para adultos 17:30 e 19:00 h. no Vello Cárcere).
Un espazo para o misterio, a ciencia, a historia e o pensamento máxico.

**MAXIA NA MOSQUEIRA:** *ADRIÁN CONDE* presenta "Intringulis"
(19:00 h. na Mosqueira).

**MAXIA NA RÚA:** *KAYTO* presenta:"Alokayto"
(13:00 h. na Praza Maior e 20:00 h. na Praza Agro do Rolo).

## 13 SETEMBRO

**EXPOSICIÓN, VISITAS GUIADAS e MAXIA:** *PACO GONZÁLEZ* presenta "O gabinete de curiosidades"
(Para escolares ás 11:00 h e 12:30 h. Para adultos 17:30 e 19:00 h. no Vello Cárcere).
Un espazo para o misterio, a ciencia, a historia e o pensamento máxico.

**MAXIA PARA ESCOLARES:** *RICARDO FRAZER* presenta "Abaddón"
(12:00 h. Auditorio Gustavo Freire).

**MAXIA NO HULA:** *KAYTO · MARCOS WALDEMAR · XULIO MERINO*
(13:00 h. Hospital Universitario Lucus Augusti).

**MAXIA NA RÚA:** *KAYTO* presenta "Alokayto"
(18:00 h. na Praza do Castiñeiro).

**GALA UNIPERSOAL:** *JOAQUÍN MATAS* presenta "Intimagia"
(20:30 h. Auditorio Gustavo Freire).

**GALA NO FORNOS:** Presenta *MARCOS WALDEMAR*
XULIO MERINO · ROMÁN GARCÍA · JOAQUÍN MATAS · BRUNO TARNECCI
(22:30 h. no Mesón do Forno).

## 14 SETEMBRO

**CONFERENCIA PARA MAGOS:** *JOAQUÍN MATAS*
(12:00 h. no Hotel Mercure).

**GALA WALDEMAR:** Presenta *XULIO MERINO*
*DAVID MÉNDEZ · ROMÁN GARCÍA · MARCOS WALDEMAR · LUIS BOYANO · BRUNO TARNECCI*
(20:30 h. Auditorio Gustavo Freire).

## 15 SETEMBRO

**QUERO SER MAGA (OBRADOIRO DE MAXIA):** *SARA RODRÍGUEZ*
(De 11:00 a 13:30 h. no Vello Cárcere)

**GRAN GALA LUGOMÁXICO:** Presenta *LUIS BOYANO*
*XULIO MERINO · JOAQUIN MATAS · RAMÓ&ALEGRIA · JOSHUA KENNETH · GONZALO ALBIÑANA*
(19:00 h. Auditorio Gustavo Freire).





ORGANIZA

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA
centrAD

COORDINA
Luciano Pérez Díaz
Colección de instrumentos musicais e arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo

Os cegos cantores, portadores da esencia das músicas de tradición oral desde a Idade Media, son os protagonistas deste **IV CELME DE ZANFONA 2024**.

Estes músicos itinerantes segundo Joaquín Díaz sempre tiveron interese en non ser confundidos con pobres e vagabundos, por iso trataron de crear un mercado co que espertar constantemente a atención do público. Unha colección de Pregos de cordel do Arquivo Castro Vicente permitiranos observar de preto as cualidades formais, editoriais, literarias e relativas á estampa.

Contaremos cun espectáculo teatralizado que recrea a alianza dos cegos cantores coa arte dos monicreques. Esta montaxe de Quico Cadaval para o Museo de Pontevedra rescata o romance que os membros do Seminario de Estudos Galegos escribiron en 1935 para o irmán Castelao, desterrado en Badaxoz. O romance chegaralle encarnado nun cantor e nunha marionetista. Asemade, descubriremos unha nova artista emerxente e un romance dun destacado poeta tristemente esquecido.

Dos audiovisuais deste ano, destaca unha produción do Consello da Cultura Galega que rememora os inicios da metamorfose da zanfona, na época da transición política, aspecto no que o obradoiro da Deputación de Lugo foi pioneiro e protagonista principal, nun traballo que chega ata os nosos días por medio da Colección de instrumentos musicais. Unha época moi emocionante, creativa e de compromiso coa tradición e na que iniciamos varias experiencias, con diferentes colectivos de persoas, nas que os sentidos da vista, o oído ou a mobilidade constituían barreiras e limitacións; así, no ano 1979, seguimos o ronsel da célebre "Escuela de sordomudos y ciegos", de Santiago de Compostela, na que se impartía clase de zanfona e que chegou a acoller 10 alumnos/as da provincia de Lugo; precisamente un dos seus estudantes destacados no acordeón, o violín e a gaita foi Eladio Fernández Rodríguez -o cego de Aldixe- nado en Abadín no ano 1927.

Neste contexto e, coincidindo co Día Internacional da Discapacidade, programamos unha nova exposición para acoller a visión actual que os estudantes teñen dos vellos métodos de difusión, á que porá fin, neste amplo Celme de zanfona, un excelso traballo documental e musical de Pancho Álvarez, poñendo en relevo a figura de Florencio -o cego da Fontaneira.

## xoves ~ 12 setembro 2024

**19.30 h INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN**

PREGOS DE CORDEL: CRIMES, MONSTROS E MILAGRES
**Efrén Castro.** Deputado da Área de Artesanía e Deseño
**Félix e Castor Castro Vicente.** Comisarios da exposición

**20.00 h CONCERTO**

**Capela de Santa María**

Actividade teatralizada: ROMANCE DE UNHA FATAL OCASIÓN

Texto de **Filgueira Valverde** sobre un escrito dos membros do Seminario de Estudos galegos.

**Evaristo Calvo** no papel de Castelao
Cantos e músicas con **Francisco do Romualdo**
Teatro de marionetas de **Larraitz Urruzola**



## venres ~ 13 setembro 2024

**16.00 h RECEPCIÓN E PRESENTACIÓN**
**Efrén Castro.** Deputado da Área de Artesanía e Deseño
**Luciano Pérez.** Coordinador CELME DE ZANFONA

**16.30 h a 19.30 h CLASES MAXISTRAIS DE ZANFONA**

Sala CENTRAD ~ 15 alumnos
Recursos técnicos e expresivos, escalas modais e introdución á improvisación.
**Anxo Pintos**

## sábado ~ 14 setembro 2024

Sala CENTRAD

**9.00 h a 12.00 h CLASES MAXISTRAIS DE CANTO**

15 alumnos
Recreación da música do cego Cecilio Casabella Vázquez de Frexulfe, O Valadouro.
**Miro Casabella**

**12.00 h DESCANSO**

**12.30 h a 14.00 h CONFERENCIA**
OS CANTOS DE CEGOS NOS CANCIONEIROS GALEGOS: percorrido polos cancioneiros de Galicia, con especial atención ao repertorio de cantos de cegos, tipoloxías, xéneros vinculados e características musicais.
**Iván Abal Pulleiro**

**14.30 h COMIDA**

**16.30 h VISITA GUIADA**

Exposición PREGOS DE CORDEL: CRIMES, MONSTROS E MILAGRES
**Félix** e **Castor Castro Vicente**, comisarios da exposición

**17.30 h RELATORIO**
CANTOS DE CEGO E FOLHETOS DE CORDEL EN PORTUGAL.
**César Prata**

**18.30 h Proxección do documental**
NA PROCURA DO SON PERDIDO. A ZANFONA, MEMORIA DA TRANSICIÓN
**Consello da Cultura Galega, aCentral Folque, Xosé Luís Rivas Crúz, Luciano Pérez**

**20.00 h CONCERTO**

**Capela de Santa María**

CANTOS DE CEGO
DA GALIZA E PORTUGAL

**Ariel Ninas**
voz, zanfona, harmónicas, percusións

**César Prata**
voz, guitarras, adufe



## domingo ~ 15 setembro 2024

**9.00 h a 12.00 h CLASES MAXISTRAIS DE ZANFONA**

Sala CENTRAD ~ 15 alumnos
Repertorio, dixitacións e recursos.
**Óscar Fernández**

**12.30 h a 13.30 h CONCERTOS**

Capela de Santa María

Espazo destinado as/aos instrumentistas emerxentes
e novas na creación musical, proporcionando un escenario estable.

O CRIME DA LEITEIRA NICOLASA
de **Xosé María Pérez Parallé.**
**Carme Romero Díaz:** música, guitarra e voz.
**Javier Díaz Carrasco:** arranxos e acordeón.

LUCÍA DA CONCEIÇÃO FERNÁNDES, A CEGA DO COVELO.
**María López Carballo:** Voz, zanfona, gaita e frauta.




## ACTOS COMPLEMENTARIOS Contextos

**PASE DE IMAXES** **A ZANFONA NA REDE, A DISCAPACIDADE**
Traballo de recolla da pegada que os artesáns-artistas
foron deixando do instrumento ao longo da historia. **Francisco Maañón**

**EXPOSICIÓN TEMPORAL DE PREGOS DE CORDEL**
**CRIMES, MONSTROS E MILAGRES**
préstamo do Arquivo Castro Vicente, colabora **Francisco Rodríguez Fernández**
Sala A CAPELA DE SANTA MARÍA, do 12 de setembro ao 31 de outubro de 2024

**EXPOSICIÓN TEMPORAL DE PREGOS DE CORDEL**
**INTERPRETACIÓN DOS ESCOLARES**
Convocatoria coincidindo co día da discapacidade
no calendario escolar, o 3 de decembro.
Sala CENTRAD, do 15 de novembro ao 13 de decembro de 2024

**ACTOS DE INAUGURACIÓN** 15 de novembro
19.00 h Proxección do documental **"Florencio, o cego dos Vilares".**
20.00 h Concerto na sala Capela de Santa María
**Pancho Álvarez e invitados**

**ACTOS DE CLAUSURA** 13 de decembro. Sala CENTRAD
11.00 h Visita guiada a Colección de instrumentos musicais. **Cristina Barreiro**
11.30 h Obradoiro de xoguete sonoro. **Francisco Maañón**
12.30 h Entrega de agasallos 3 colexios finalistas.

## INSCRICIÓNS

a través do correo-e:
**celmedezanfona@gmail.com**

### CLASES MAXISTRAIS

As inscricións nas clases maxistrais serán por rigorosa
orde de chegada das solicitudes, ata un número máximo
de 15 persoas por curso. No caso de ter interese en participar
en máis dun curso, fai constar a orde de preferencia
e comunicarémosche en cales tes praza ao finalizar
o prazo de inscrición.
A **data límite** para inscribirse é o **domingo 8 de setembro**
Datos necesarios:
**Nome e apelidos**
**Número do documento de identidade**
**Número de teléfono**
**Clases maxistrais ás que queres acceder**

### XANTAR

Se desexas **anotarte para o xantar** conxunto do **sábado**
encargámonos da xestión da reserva
nun restaurante que dispón de menú a prezos populares.
**Mándanos un correo-e a este mesmo enderezo,**
**indicando os teus datos.**




Clavicémbalo

Mes dedicado a toda a xente de
LUGO que loita pola cultura
(É que... pola noite tamén hai CULTURA)

**Setembro**

**XOVES 5... VENRES 6... SÁBADO 7...**

**Microefectos Dramatúrxicos**
**Pases ás 20:30 e 22:30 h**
Pezas:
*La Aspiradora* de Pepe Saavedra
*Iso non é asunto meu* de Raquel López
*Anónimo polo carallo* de Anxo Manoel
*La refriega(re) suave* de Brian Rodríguez




**LUNS 9...**



**Jamie Turner** | **UK** | **Organiza: FA CE LA**
Jamie Turner (Perth, Australia) virá onda nós e ha trasladarnos ao pop (en ocasións psicodélico) dos 60! Captura e reflicte sen límite os sons cálidos e característicos presentes en tódalas gravacións favoritas súas deses anos 60 e dos 70. Influencias musicais notables: Paul McCartney, Todd Rundgren, Emitt Rhodes, The Beach Boys e Harry Nilsson.

**MÉRCORES 11...**




***Tábula*** | **Teatro Inmersivo**
O meu nome é Iago de Sant e, debido á miña dislexia intermitente, ás veces fáiseme difícil distingui-las palabras. Por iso teño tendencia a inventalas: *microsoños, filmersión, tábula*... Sempre quixen crear algo que fose o oposto a un espectáculo, onde as palabras, ademais de ser contempladas, poidan ser experimentadas. *Tábula* é unha experiencia na que o espectador se converte en participante dunha historia creada no momento, sen preparación. Polo menos esa é a cima cara á que dirixirnos nesta viaxe coa incerteza de compañeira constante. No Clavi, a maiores da incerteza, podería haber un, dous ou tres *interactuantes* —outra palabra inventada que significa actor ou actriz que interactúa coas persoas asistentes—. O que é seguro (ou non) é que esta viaxe a iniciamos presentes (ou non) Pablo Méndez, Yuslier Lazo Saavedra, Marta Arias e mais eu, Iago de Sant, xunto co público participante. Ah! E non faltará unha cámara como testemuña protagonista.

**XOVES 12...**

**Mustélidos**
Sara: voz; Luis e Borja: guitarras.



**VENRES 13...**



**Toño Otero Quartet** | ***Jazz***
Toño Otero: saxo, voz
Sunil López: piano
Pablo Patiño: baixo
Xurxo Estévez: contrabaixo
Miguel Cabana: batería

**SÁBADO 14...**

**Noite de Rock:**
**Vrásica + Atreides**




# Clavicémbalo

**Club de Arte e Música**

**Paxariños, 23 | Lugo**
**Tel.: 982 243 270**
**E-mail: club@clavicembalo.com**
**www.clavicembalo.com**

**LUNS 16...**



**The Lotts** | **Australia** | **Organiza: FA CE LA**
Banda de *rock and roll* formada en 2018 na cidade de Warrington (Reino Unido). É dona de enerxía, *riffs* potentes, melodías pegadizas e unha natureza feroz, trepidante e ruidosa na súa actuación en vivo. Con varios EP e un *single*, The Lotts arrasaron as rúas das cidades nas que actuaron co seu directo estrondoso que podería facer baila-los defuntos. O mellor de todo é non teren previsto baixa-lo ritmo.

**MARTES 17...**



**The Knight Shades** | **USA** | **Organiza: FA CE LA**
Dende New York chegan os salvaxes The Knight Shades!; banda de garaxe cun son cavernoso e moi sesenteiro. Recordámosche que o lanzamento do seu primeiro sinxelo te devolvía ao ano 65 con Farfisa e guitarras obstinadas, voces gruñidas, harmonías hipnotizadoras e melodías difusas.

**XOVES 19...**

**TheFoolAns**




**VENRES 20...**




**Scott Stobbe/The Silver Lining Serenaders**
Scott Stobbe: guitarra, voz: Ella Inglebret violín, voz; Andoni Aizpuru: saxofón soprano.
Establecido en Nova Orleáns (Louisiana, EEUU), The Silver Lining Serenaders é un grupo de trobadores, amantes da diversión e especializados en *jazz, swing vintage* e *western swing*, que realizou numerosas xiras no ámbito nacional e internacional achegando cancións con harmonías vocais e arranxos frescos por toda a parte.

**SÁBADO 21...**

**Noite cañeira: Barbarian Prophecies + Matote**



**XOVES 26...**




**Septeto Santiaguero** | **Cuba**
Fernando Enrique Dewar Webster: dirección & tres cubano; Inocencio Heredia Castillo: voz & percusión; Deyvis Yirat Hechavarria: voz & guitarra; Giraldo Bravo Ramírez: voz & percusión; Alain Antonio Dragoni Cotorruelo: trompeta; Carlos Danger Plana: percusión; Gabriel Montero González: percusión; Dairon Carlile Robert Salazar: baixo; Fernando Dewar Romero: son.
Vinte e seis anos de vida artística os do único grupo cubano que ten dous Premios Grammy Latinos e moitos nomeamentos para os Grammy americanos. É na actualidade un dos expoñentes máis importantes da música tradicional do seu país. Discografía: *No quiero llanto. Tributo a Los Compadres* (2015). *A mi qué. Tributo a los clásicos cubanos* (2018).
Un pracer que volten ao Clavi. Benvidos!

**VENRES 27...** **Festiblás XII: Cápsula**

**SÁBADO 28...** **Festiblás XII: MT + Pastor eléctrico**

Emenda e traduce: Shuí Lóng | shuilongxuebao@gmail.com

Subvencionado con Fondos FEDER
UNIÓN EUROPEA
Unha maneira de facer Europa
XUNTA DE GALICIA
AGADIC
clubtura
+ INFO
Entradas en: woutick!es


PROGRAMACIÓN
SEPTIEMBRE
JAGGER
LIVE
Ballantine's
STAY TRUE
SON DE CAMAGÜEY
BRUGAL
VIE. 06_SEP. 22:30 H
TAQUILLA: 8 €
[ PURO SON CUBANO ] • FIESTA RON BRUGAL
SUPERGLÚ
VIE. 13_SEP. 22:30 H
BY
[ POP ROCK ]
DELTA BLUES RIDERS
SAB. 14_SEP. 22:30 H
ANTICIPADA: 5€
TAQUILLA: 8€
[ BLUES ] DESDE PORTUGAL
LOS ALCÁNTARA
VIE. 27_SEP. 22:30 H
BY
[ COVERS ]
THE HONKIES BLUES BAND
SAB. 28_SEP. 22:30 H
BY
[ BLUES ]
Estrella Galicia
TODA LA INFO
+ ENTRADAS
www.salajagger.com
ÚNETE A LA RESISTENCIA
RESISTENCIA DESDE 1906
COLABORAN
SANTEIRO'S


A HEDREIRA | SETEMBRO
SÁBADO 7 | 21:30H.
CEA VEGANA
(inscrición previa no correo-e)
SÁBADO 14
XORNADA: "SOLIDARIDAD, MILITANCIA Y VIDA COMUNITARIA. LA AGROECOLOGÍA COMO HERRAMIENTA DE EMANCIPACIÓN INDIVIDUAL Y COLECTIVA"
A cargo de Fernando Castro
LUNS 16 | 19:00H.
XUNTANZA ABERTA PARÁPONO TEATRO PARA PREPARAR UNHA PERFORMANCE SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO
XOVES 19 | 20:30
EXPERIECIA INMERSIVA: VIVIR O COLAPSO.
Organiza: FILMERSIÓNS
XOVES 26 | 20:00H.
CINEFORUM: " OPPENHEIMER "
VENRES 27 | 19:30H.
CÍRCULO LECTURA DE CÓMIC
FROM HELL de Alan Moore
OBRADOIROS
capoeira | gancho e calceta | danza do ventre (Belly Dance)
impro teatral | jam contact
TODAS AS ACTIVIDADES DE BALDE
Inscríbete:
(+ info e horarios na web)
Aberto de 19:00 - 21:00
os martes, xoves e venres
Rúa Catasol, 17 (Lugo)
@hedreira | csahedreira@riseup.net
ahedreira.noblogs.org
A Hedreira
centro social


FEGATEA
FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AMADOR
AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
(LUGO)
Entrada de balde
07/09/2024 ás 20:30 horas
Fauna 113
Os veciños do lado
08/09/2024 ás 18:30 horas
Andaravía Teatro
Brincacontos
21/09/2024 ás 20:30 horas
Avelaíña Teatro
Almas na gloria: Don Paco
22/09/2024 ás 18:30 horas
Paso de Valverde
Os contos clásicos
da Tía Carolina
Circuito Galego de Teatro Amador
2024
FEGATEA 2024
"As orixes do teatro"
Teatro de Epidauro, 350 a.C.
XUNTA DE GALICIA


Concello de Lugo
Área de Educación e
Difusión do Coñecemento
Xadrez na rúa
APRENDE XOGANDO
partidas
xadrez xigante
Primeiros pasos no mundo do xadrez
Praza Maior
Do 2 ao 27 de setembro
DE LUNS A VENRES
de 18:00 a 20:00 horas
inscrición gratuita na praza
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
Deportes
ELPROGRESO
Concello de Lugo
ALCALDÍA


CADROPHENIA GALEGA
EXPOSICIÓN PINTURA/ESCULTURA
WWW.GALEOSKA.ES
LUISA PAZ
SERGIO RIBEIRO
CASTROLARA
LOLI ESPAÑA
J.R. DOMATO
MARTINA BUGALLO
Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua
WWW.GALEOSKA.ES
MUSEO MIHL
Av. Infanta Elena, s/n, 27003 Lugo
GRUPO GALEOSKA
22 AGOSTO
07 OUTUBRO



## PROGRAMACIÓN SEMANAL

**O VELLO CÁRCERE**

DO MARTES 03 AO MÉRCORES 11 DE SETEMBRO DO 2024

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo

982 297 195

vellocarcere@lugo.gal

https://ovellocarceredelugo.gal/

**REDES SOCIAIS**

www.facebook.com/OVelloCarcere

www.instagram.com/ovellocarcere

www.twitter.com/o_vello_carcere

**HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO**

Mañás:

- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

Tardes:

- De luns a sábado de 16:00 a 20:00 h.
- Domingo: 16:00 a 19:00 h.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'.
**Recoméndase inscrición previa: 982 297 195.**

**PÚBLICO XERAL:**

Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Venres: 17:30h.
- Sábados: 11:15h. e 17:30h.
- Domingos: 17:30h.

**PÚBLICO FAMILIAR:**

Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS PERMANENTES

**'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'**

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

**'ELAS'**

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**ESCOLA DE ARTE SUPERIOR DE DESEÑO RAMÓN FALCÓN**

A Escola de Arte Superior de Deseño Ramón Falcón presenta nas celas do segundo andar do panóptico –espazo cedido permanentemente–, a primeira das súas exposicións temporais en O Vello Cárcere.
A mostra amosa unha escolma de traballos do seu alumnado e xira arredor dos estudos que ofrece: Serigrafía, Gravado e Técnicas de Estampación, Fotografía e Cerámica (ensinanzas profesionais) e Deseño Gráfico e Deseño de Interiores (estudos de Grao).
Permanecerá aberta ao público **durante os vindeiros meses.**

Celas de homes: 2ª planta

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**'JORGE ANDRÉS SERRANO - OBRA ESCOLLIDA**

A obra recente do artista galego Jorge Andrés Serrano inclúese dentro dun proxecto onde se exploran os límites entre natureza e artificio, consciente e subconsciente, realidade e aparencia, morte e vida, resultando nunha sorte de realismo perverso.

Fórmana unha serie de pinturas nas que os antigos daguerrotipos ou a Arte Póvera serven como parte fundamental do imaxinario do artista, e nas que se abordan temáticas que xeran unhas imaxes que se moven entre o tenebrismo, o macabro e mesmo o kitsch.

Poderá visitarse dende o **26 de agosto ao 31 de outubro.**

Celas de homes: planta baixa.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**'XAQUÍN MARÍN. HUMOR LÍQUIDO GALEGO' - XAQUÍN MARÍN**

A exposición "Xaquín Marín. Humor líquido galego", organizada pola Federación de asociacións culturais Galiza Cultura, ofrece un percorrido retrospectivo pola obra e o universo creativo dun artista tan polifacético e singular como é Xaquín Marín.
Nesta mostra itinerante teremos o privilexio de ver por primeira vez algúns proxectos inacabados e/ou inéditos do autor, que completan o conxunto da obra xa publicada e coñecida que, en conxunto, constitúe unha viaxe pola nosa propia memoria colectiva.

Poderá visitarse dende o 19 de xullo ao 10 de xullo

Celas de mulleres: 2ª planta

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**'VESTIGIA' – CABANES FONTAO**

'Vestigia' é o título escollido pola artista plástica e visual, Cabanes Fontao, para a súa mostra situada na primeira planta das celas de mulleres.

Unha exposición que nos anima a pararnos e reflexionar sobre a contaminación dos nosos ecosistemas e o papel fundamental que ten para evitalo a reciclaxe de residuos.

Cabanes Fonato recolle diversos materiais plásticos de refugallo das nosas costas e reconvérteos en pezas de arte que evocan as cores e as texturas dos entornos nos que foron atopadas. Os residuos, polo tanto, ocupan un papel fundamental nesta exposición, estando presentes en todas as súas composicións.
Poderá visitarse dende o **1 de agosto ao 13 de outubro.**

Celas de mulleres: 1ª planta



# VISITAS GUIADAS



**VENRES**
11.15h

**SÁBADOS**
11.15h

**DOMINGOS**
11.15h
(PÚBLICO FAMILAR)

# LUGO

UNED LUGO






# INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURAIS - MUSEOS -
OFICINA DE TURISMO

# EXPLORA LUGO



## Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



## O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere



## Sala de Exposicións Porta Miñá

Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicos@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

# EXPLORA LUGO



**Centro arqueolóxico San Roque**

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105  museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



**Museo Provincial de Lugo**

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112  info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
twitter.com/RedeMuseistica



# EXPLORA LUGO



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.